



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

EXERCICIO TIPO TEST DE OPOSICIÓN PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL 1 TÉCNICO/A AXENTE DE IGUALDADE

- | | | |
|-----------------------------|---|------------------|
| 1.- Cuestións teróricas | : | 20 preguntas. |
| 3.- Valor pregunta teórica | : | 0,50 puntos |
| 4.- Puntuación exercicio | : | de 0 a 30 puntos |
| 5.- Puntuación mínima | : | 15 puntos |
| 6.- Tempo realización exame | : | 50 minutos |

1.- A Constitución de 1978, sección 2ª “Dos dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns”, intégrase:

- a) No capítulo 2 do Título VIII
- b) No capítulo 2 do Título III
- c) **No capítulo 2 do Título I**

2.- A Constitución di que debe garantirse aos cidadáns da terceira idade o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos. O anterior, según a propia constitución:

- a) **É un principio rector da política social e económica**
- b) É un dereito fundamental
- c) É un dereito

3.- En que artigo se recolle que España se constitúe nun Estado social e democrático de dereito?

- a) Dous
- b) **Un**
- c) Tres

4.- Quen promulga as leis de Galicia?

- a) **O presidente da Xunta en nome de El Rei**
- b) O Parlamento, os deputados e a Xunta
- c) O presidente do Goberno en nome de El Rei, pois Galicia non é soberana para lexislar con plena liberdade

5.- Como di o artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o que propón ao candidato a presidente da Xunta de Galicia é:

- a) **O Presidente do Parlamento**
- b) O Parlamento Galego en Pleno
- c) A Deputación Permanente

6.- Os conselleiros:

- a) Son os titulares das Consellerías, pero non forman parte da Xunta
- b) **Son os titulares das Consellerías e forman parte da Xunta**
- c) Forman parte da Xunta, pero non son os verdadeiros titulares das Consellerías

7.- Cal dos seguintes conceptos responde a esta definición "Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo":

- a) **Equipo de traballo**
- b) Equipo de protección individual
- c) Procesos, actividades, operacións, equipos ou produtos potencialmente perigosos

8.- Un plan de igualdade municipal é?

- a) Unha declaración de principios e de intencións.
- b) **Un documento eficaz, que sirva aos intereses e necesidades dun grupo específico de cidadáns.**
- c) Unha proposta para unha realidade municipal concreta, a de cada concello, analizada de maneira integral.

9.- Cal das seguintes funcións NON corresponde propiamente ao perfil técnico dun/unha Axente de Igualdade nun concello galego?

- a) Diseñar, coordinar e avaliar o Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do concello.
- b) **Representar legalmente como avogado/a defensor/a ás mulleres vítimas de violencia de xénero no xulgado.**
- c) Asesorar ás distintas áreas do Concello para garantir a introdución da perspectiva de xénero nos pregos de contratación pública.

10.- Cal é a diferenza entre sexo e xénero?

- a) O sexo é unha categoría que pode variar ao longo da vida segundo a cultura, mentres que o xénero vén determinado polos cromosomas e as hormonas de forma inmutable.
- b) O sexo refírese á orientación sexual e á identidade de xénero das persoas, mentres que o xénero define unicamente o estado civil e familiar recoñecido pola lei.
- c) **O sexo define as características biolóxicas, anatómicas e fisiolóxicas coas que nacen as persoas, mentres que o xénero é unha construción social e cultural que asigna roles, comportamentos e valores a homes e mulleres.**

11.- Segundo a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que institución queda facultada como autoridade independente para velar pola igualdade de trato tanto no sector público coma no privado?

- a) O Consello da Cultura Galega.
- b) **A institución do Valedor do Pobo.**
- c) A Secretaría Xeral da Igualdade en exclusiva.

12.- O uso do termo "a cidadanía" en lugar de "os cidadáns" nas bases de axudas públicas municipais é un exemplo de:

- a) Linguaxe puramente coloquial de uso exclusivo para a publicidade institucional e redes sociais.
- b) **Uso dun substantivo colectivo como estratexia de linguaxe inclusiva para evitar o masculino xenérico.**
- c) Linguaxe androcéntrica que exclúe ás persoas xurídicas e ás asociacións veciñais do termo.

13.- Cal das seguintes funcións NON entra dentro das competencias técnico-administrativas dun/unha Axente de Igualdade no ámbito dun goberno local?

- a) Elaborar informes de impacto de xénero para as propostas de regulamentos e ordenanzas municipais.
- b) Realizar as tarefas de intervención psicolóxica e terapia de apoio emocional de longa duración para mulleres en situación de vulnerabilidade.**
- c) Impartir accións formativas en materia de igualdade de oportunidades e prevención do acoso destinadas ao persoal do propio concello.

14.- No marco da saúde laboral e a igualdade, cal é a consideración correcta respecto do acoso sexual e o acoso por razón de xénero no ámbito da empresa e as administracións públicas?

- a) Son condutas de carácter estritamente privado cuxa persecución corresponde en exclusiva á vía penal, quedando fóra da normativa de prevención de riscos laborais.
- b) Só se consideran un risco laboral cando se producen dentro da xornada ordinaria e nas instalacións físicas do centro de traballo, excluindo o teletraballo e as viaxes de empresa.
- c) Son considerados riscos psicosociais que a empresa ou administración ten a obriga legal de previr, debendo contar obrigatoriamente con protocolos específicos de actuación para a súa canle e denuncia interna.**

15.- Segundo o artigo 26 de la Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, se a avaliación de riscos revela que as condicións de traballo poden influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, cal debe ser a primeira medida a adoptar polo concello ou empresa?

- a) Proceder á suspensión inmediata do contrato de traballo con dereito a cobrar o subsidio por risco durante o embarazo.
- b) Adaptar as condicións ou o tempo de traballo (como os turnos ou o traballo nocturno) para modificar o risco e facer o posto seguro.**
- c) Conceder unha licenza retribuída á traballadora ata o momento do parto sen modificar as súas funcións.

16.- Segundo a Lei Orgánica 3/2007, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúa a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto ás persoas do outro sexo, considérase:

- a) Acción positiva de discriminación inversa.
- b) Discriminación indirecta por razón de sexo.**
- c) Acoso por razón de sexo no ámbito normativo

17.- Das seguintes accións cal se considera unha prioridade na prevención da violencia de xénero nas aulas de secundaria?

- a) Fomentar o mito do amor romántico e a submisión
- b) Traballar a resolución pacífica de conflitos, a educación afectivo-sexual e o cuestionamento dos roles tradicionais**
- c) Eliminar as clases de educación física para evitar a competitividade

18.- Que medida metodolóxica debe aplicar a Concellería de Igualdade dun municipio rural ao deseñar o diagnóstico participativo para o Plan Municipal de Igualdade, co fin de garantir que a voz das mulleres do rural sexa recollida de forma efectiva?

- a) Descentralizar as reunións polas distintas parroquias e programalas en horarios adaptados aos ritmos de traballo no rural
- b) Centralizar todas as reunións na capital do municipio en horario laboral de mañá para optimizar o tempo do persoal técnico

- c) **Limitar a recollida de información a unha enquisa exclusivamente dixital a través da páxina web do concello para aforrar custos de desprazamento**

19.- No proceso de diagnose para un Plan Municipal de Igualdade, que finalidade principal ten a realización de "Entrevistas a Informantes Clave" (ou persoas clave do municipio)?

- a) **Obter información en profundidade sobre a realidade social do municipio a través de persoas que, pola súa posición, profesión ou traxectoria, teñen un coñecemento privilexiado da comunidade.**
- b) Substituír por completo as enquisas de poboación para evitar ter que recoller datos estatísticos e cuantitativos do concello.
- c) Seleccionar de forma directa e sen concurso público ás persoas que van formar parte do Comité de Igualdade municipal.

20.- Segundo as funcións reguladas na normativa galega para os Centros de Información á Muller (CIM), cal das seguintes prestacións NON forman parte do abano de atencións directas que ofrecen ás súas usuarias?

- a) A orientación profesional e o asesoramento sociolaboral encamiñado á inserción ou mellora no mercado de traballo.
- b) A atención psicolóxica e o apoio específico tanto ás mulleres vítimas de violencia de xénero como ás súas fillas e fillos menores de idade.
- c) **A concesión e tramitación directa de prestacións económicas por desemprego e pensións contributivas de xubilación.**

PREGUNTAS SUPLENTES

1.-En que artigo da C.E se regula o dereito a cláusula de conciencia e o segredo profesional?

- a) **No artigo 20**
- b) No artigo 21
- c) No artigo 19

2.- De quen recibe ordes o defensor do pobo?

- a) Das Cortes Xerais
- b) Do goberno
- c) **Non está sometido a mandato imperativo**

3.- A Lei orgánica 3/2007 establece como principio xeral:

- a) **Igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres**
- b) So paridad política
- c) Acceso preferente feminino no emprego público